



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Lingua Española 2		Código	613G03013
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Gráo	1º cuádrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Mascato Rey, Rosario	Correo electrónico	rosario.mascato@udc.es	
Profesorado	Cordoba Rodriguez, Felix	Correo electrónico	felix.cordoba@udc.es	
	Mascato Rey, Rosario		rosario.mascato@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo normativo da lingua española. Introducción ao problema da corrección idiomática. Aplicación á lingua española a teor do establecido pola RAE.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Obter un coñecemento detallado sobre a corrección idiomática e os principais aspectos normativos da lingua española.	A5 A10 A11 A14 A15	B3 B4 B5 B6 B7 B8	C6
Saber localizar en textos reais erros idiomáticos e corrixilos razoadamente.	A5 A10 A11 A14 A15	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10	C1 C6
Coñecer e aprender a manexar diversos recursos para resolver dúbidas sobre a norma do español.	A5 A11 A14	B1 B2 B3 B5 B6 B7 B10	C6

Contidos	
Temas	Subtemas



1. A corrección idiomática. A lingua estándar. A gramática normativa	1.1. A lingua estándar ou lingua exemplar 1.2. A norma do español
2. Ortografía e ortoloxía do español	2.1. Ortografía 2.2. Ortoloxía
3. Aspectos léxico-semánticos	3.1. Uso do léxico 3.2. Préstamos e estranxeirismos
4. Cuestións normativas e clases de palabras	4.1. Substantivo e adxectivo 4.2. Determinantes e numerais 4.3. Verbo 4.4. Pronome 4.5. Preposición 4.6. Conxunción 4.7. Adverbio
5. Cuestións normativas na construción sintáctica	5.1. Concordancia ad sensum 5.2. Anacoluto 5.3. Outros

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A5 A10 A11 A14 A15 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C6	14	14	28
Lecturas	A5 A10 A11 A14 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C6	0	3	3
Obradoiro	A5 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C6	24	24	48
Proba mixta	A5 A10 A11 A15 B4 B5 B6 B7 B10 C1 C6	2	30	32
Traballos tutelados	A5 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C6	2	31	33
Eventos científicos e/ou divulgativos	A14 B3 B10 C6	4	0	4
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición teórico-práctica, por parte do profesorado, dos contidos da materia.
Lecturas	Lectura de artigos puntuais sobre aspectos concretos do temario.
Obradoiro	Realización de prácticas nas que se inclúen procura de solución a determinados problemas, probas de discriminación, probas de completar, corrección de textos, aplicación de normas, análise crítica de determinadas lecturas, traballo en grupo.
Proba mixta	Exame final no que se mostrarán os coñecementos e competencias adquiridos, tanto dende o punto de vista teórico como aplicado.
Traballos tutelados	Traballo en grupo no que se aplicarán os coñecementos adquiridos á detección de erros e corrección de textos de forma xustificada. A preparación do traballo farase baixo a tutela do profesorado. As indicacións para a realización do mesmo serán distribuídas entre o alumnado a través da plataforma Moodle.



Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia a conferencias e seminarios relacionados coa materia.
---------------------------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Proba mixta Obradoiro	Para todas as probas avaliábeis, o profesorado estará dispoñíbel en horario de titorías para resolver as dúbidas que poidan xurdir. No caso concreto dos traballos tutelados, ademais, para ter un seguimento do proceso de elaboración, dedicaranse unhas horas de traballo na aula a que os grupos expoñan as dificultades coas que se van atopando e daránselles as indicacións oportunas para superalas.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A5 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C6	Un traballo en grupo (dous ou tres estudantes) no que se poñerán en práctica os coñecementos e competencias adquiridos. Entregarase antes do 9 de decembro.	25
Proba mixta	A5 A10 A11 A15 B4 B5 B6 B7 B10 C1 C6	Exame final no que se mostrarán os coñecementos e competencias adquiridos, tanto dende o punto de vista teórico como aplicado.	50
Obradoiro	A5 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C6	Tres exercicios prácticos ou probas sobre algún aspecto concreto do temario.	25

Observacións avaliación

- En todas as actividades escritas (exame, traballos, exercicios, comentarios...), será valorado o uso correcto e axeitado da lingua española, especialmente para fins académicos.
- A calificación obtida na proba mixta ou exame deberá ser, como mínimo, un 4 (sobre 10) para poder aprobar a materia, tanto en primeira como en segunda oportunidade.
- Os traballos e restantes actividades entregados fora do prazo estipulado serán penalizados cun 50 % da nota. 4. Calquera falta de honradez académica (plaxio, utilización de textos ou ideas doutros autores sen indicar a procedencia, copia en exames ou outras variábeis destas características) será penalizada coa anulación total da actividade de que se trate. 5. Obterá a calificación de NP (non presentado) o alumnado que non se presente ao exame, aínda que teña realizado as restantes actividades. 6. O alumnado que teña que superar a materia en segunda oportunidade recuperará tan só as actividades que tiver suspensas. Nese caso, o profesorado facilitará as indicacións oportunas a propósito das características do traballo, presentación oral ou entrega de exercicios por medio da plataforma Moodle, indicando as datas e procedementos de entrega, para que o alumnado poida organizar con tempo suficiente as tarefas para a segunda oportunidade. 7. A materia poderá ser adaptada ao estudantado con necesidades especiais, así como ao estudantado procedente de convenios e programas internacionais que non teña un nivel de competencia lingüística en español semellante ao nativo. Nestes casos, as persoas afectadas deberán contactar de maneira inmediata á docente no inicio do cuatrimestre, tras a súa incorporación á materia. 8. O nivel mínimo de competencia lingüística recomendado para cursar esta materia, no caso do estudantado Erasmus e de convenios internacionais, é un B2 de acordo co Marco Europeo para o Ensino e Aprendizaxe de Linguas. Alumnado con dispensa académica de exención de asistencia Os procedementos e porcentaxes de avaliación serán os seguintes: - Proba mixta, na mesma data e coas mesmas características que todo o restante alumnado: 50 %- Traballo tutelado: 50 % As titorías concertaranse por correo electrónico e terán lugar en horario axeitado tanto para o alumnado como para o profesorado. Oportunidade extraordinaria de decembro O alumnado en disposición de optar a examinarse da materia na convocatoria extraordinaria en decembro será avaliado a través da realización de un exame que suporá o 100% da calificación.

Fontes de información



Bibliografía básica	- Real Academia Española- Asociación de Academias de la lengua española ((2009)). Nueva gramática de la lengua española. Espasa, Madrid - Gómez Torrego, Leonardo ((2011b)). Las normas académicas: últimos cambios. SM, Madrid. - Seco, Manuel ((2011)). Nuevo diccionario de dudas y dificultades de la lengua española. Espasa, Barcelona - Montolío, Estrella (dir.) ((2014)). Manual de escritura: académica y profesional. Ariel, Barcelona - Paredes García, Florentino (coord.) ((2012)). El libro del español correcto. Claves para hablar y escribir bien en español. Instituto Cervantes- Espasa, Madrid - Real Academia Española- Asociación de Academias de la lengua española ((2012)). Ortografía básica de la lengua española. Espasa, Barcelona. - Coseriu, Eugenio ((1992)). Competencia lingüística. Gredos, Madrid - Casado Velarde, Manuel ((2008)). El castellano actual. Usos y normas. EUNSA, Pamplona, 9.ª ed. - Gómez Torrego, Leonardo ((2011a)). Hablar y escribir correctamente. Gramática normativa del español actual. Arco Libros, Madrid, 2 vols., 4.ª ed. (act.) - Martínez de Sousa, José ((2008)). Diccionario de usos y dudas del español actual DUDEA. Trea, Gijón, 4.ª ed. - Martínez de Sousa, José ((2014)). Ortografía y ortotipografía del español actual. Trea, Gijón, 3.ª ed. - Montolío, Estrella (coord.) ((2008)). Manual práctico de escritura académica. Ariel, Barcelona, 3 vols., reimpr. - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2014)). Diccionario de la lengua española. Espasa, Barcelona, 23.ª ed. - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2005)). Diccionario panhispánico de dudas. Santillana, Madrid. En línea en http://www.rae.es. - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2010a)). Ortografía de la lengua española. Espasa, Madrid - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2011)). Nueva gramática básica de la lengua española. Espasa, Barcelona. - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2010b)). Nueva gramática de la lengua española. Manual. Espasa, Madrid - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2013)). El buen uso del español. Espasa, Barcelona A bibliografía complementaria darase en cada tema. Documentación na plataforma Moodle da UDC.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías